

VENTOS DE AGOSTO

[Gabriel Mascaro, 2014]

52

ESTREA EN NUMAX: 14.10.2015 | v.o.s.e.

FICHA TÉCNICA

Ventos de Agosto (2014, 77')

Dirección: Gabriel Mascaro

Guión: Gabriel Mascaro, Rachel Ellis.

Reparto: Dandara de Morais, António José Dos Santos, Maria Salvino Dos Santos, Geová Manoel Dos Santos, Geová Manoel Dos Santos, Gabriel Mascaro

Montaxe: Ricardo Pretti, Eduardo Serrano

Dirección de arte: Stefania Reis

Fotografía: Gabriel Mascaro

Vestuario: Gabriel Mascaro

Son: Mauricio d'Orey, Moabe Filho, Victoria Franzan.

Fotografía: Arauco Hernández Holz

Producción: Rachel Ellis

Productora: Desvia Filmes

Distribuidora: MosaicoFilmes

Formato de proxección: DCP 2K, 1,78:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

Boi neon, 2015

«Un filme heterodoxo que rompe con todas as regras e nos somerxe nun fascinante e tamén ameazador universo visual»

Lluís Bonet. LA VANGUARDIA

SINOPSE

Shirley deixou a gran cidade para vivir nunha pequena poboación á beira do mar e coidar da súa avoa. Conduce un tractor nunha plantación de cocos, gústalle a música rock e quere converterse nunha artista da tatuaxe. Séntese atrapada na pequena vila costeira e comeza unha relación con Jeison, un compañeiro do traballo co que vivirá, no medio de fortes ventos e altas marés, unha viaxe que os confrontará coa vida e a morte, coa perda e a memoria, co vento e o mar.



Bruno Carmelo entrevista Gabriel Mascaro

De onde xurdiu a historia de *Ventos de agosto*? Hai unha construción recente de casas, dos anos 80 e 90, no nordeste brasileiro, que era unha vila de pescadores, onde despois foron construídas grandes mansións. En menos de vinte anos, todas as casas están destruídas na ribeira. Iso amosa unha sede de especulación inmobiliaria moi tola en relación á paisaxe natural. Este era un primeiro punto de partida: pensar o imaxinario da destrución, da ruína aínda recente. Existe moito debate arredor da ruína como entidade filosófica. Que é o que fai que a xente vaia a un lugar histórico para ver unha fenda de humanidade? Neste filme existe unha ruína moi presente na vida das persoas que experimentan a ruína, en canto que iso forma parte das súas vidas. Despois coñecín o cemiterio, que está realmente sendo destruído polo mar, e percibín a relación especial que os poboadores da vila teñen cos seus mortos e parentes. É moi orgánico, eles ven os restos de ósos no mar e lévanos para o cemiterio de novo...

Tratas de filmar algo moi difícil no cinema: o vento... Unha das cousas que guían este proxecto, para min, é como filmar o imposible. Comecei a pensar nas manifestacións do vento nos corpos, nas cousas, no espazo. Os actores actuando en contacto coas cousas coas que o vento interacciona. O proxecto nace da idea de filmar o imposible, e o cine é un pouco iso: unha procura orgánica para tornar o invisible visible.

Por que decidiu filmar nesta vila en particular? Viaxei moito a aquela rexión, xa tiña unha historia persoal naquel lugar. Tivemos unha experiencia de residencia dun mes alí para escribir, baseándonos no que íamos coñecendo das persoas. Voltamos para producir e despois para filmar. Ao tempo, o montador ía montando todo o que se filmaba, era un segundo xesto de reescrita. Foi unha experiencia próxima á de Miguel Gomes con *Tabú*: el creou núcleos narrativos, incorporou elementos baseados na experiencia do que pasaba ao seu arredor. O personaxe do

retratista foi así. Estabamos filmando, de socato veu ese retratista, cóllemolo e trouxémolo ao filme.

No festival, o seu filme foi comparado con obras do leste europeo, do Xapón, da Nouvelle Vague, do cinema brasileiro dos anos 1980... Que opinas desas referencias? A verdade é que é un exercicio natural da crítica tentar buscar un lastre directo para xustificar a súa investigación. Ese non é o meu camiño. Non procuro referencias directas para lexitimar o meu traballo. Loxicamente, fixéronse investigacións, mais non están necesariamente atreladas a nomes de autores. Non cómpre citar nomes de autores ou de filósofos. Realmente, como o filme traballa cunha camada de experiencia sensorial de corpos e espazos, o xeito en que aquilo toca ás persoas é máis forte que citar ou recitar nomes, mostrando a miña cinefilia para verificar se aquilo procede para lexitimar o filme.

Dende o inicio xa tiñas decidido colocarte en escena no papel do investigador de ventos? Foi algo moi natural. Eu pensei ese personaxe, coloqeime no seu lugar, porque tamén era a forma de sentirme psicoloxicamente, facendo un documental, filmando... É o estrañamento de cando un chega a un lugar novo e a rodaxe ten unha roupa estraña, ten códigos propios. Foi un desafío de actuación interesante, lúdico, de interactuar coas persoas e construír unha intención.

[...]

Consideras *Ventos de agosto* un filme político? O perigo do discurso do compromiso é caer no pragmatismo electoralista. Ventos de agosto transcende esta dimensión ao pensar a política do abandono, a política da permanencia, da grafía corporal, do xesto cinematográfico... Iso para min é política. Destruír unha narrativa, unha idea de expectativa coa trama ou cos personaxes é algo político. O filme raia un extremo de naturalización do proceso da vida, que é político.

[...]

Fragmento da entrevista realizada por Bruno Carmelo publicada o 24.09.20154 en <http://www.adorocinema.com/noticias/filmes/noticia-109487/>
Tradución ao galego de Olalla Márquez.

Tabú. Miguel Gomes [DVD]
Aquel querido mes de agosto.
Miguel Gomes [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org